



Decreto

Descrición do decreto: *Probas selectivas para o nomeamento en propiedade, Funcionario/a de carreira, pertencente ao grupo "A", subgrupo "A2", encadrado na Escala de Administración Xeral, Subescala de Xestión, baixo a denominación "Técnico de xestión-AEDL" mediante procedemento de consolidación de emprego, mediante concurso oposición*

Expediente: 370/2020

D. José Luis Oujo Pouso, Alcalde-Presidente do Concello de Porto do Son, no uso das facultades que me confire a lexislación vixente en materia de réxime Local, emito a presente resolución segundo os seguintes

Antecedentes Administrativos e Fundamentación Xurídica:

1. Oferta de Emprego Pública do Concello de Porto do Son correspondente ao exercicio 2019 (BOP 77 do 24/04/2019)
2. Resolución da Alcaldía núm. 147/2020 do 26/02/2020 pola que se convocan as probas selectivas para o nomeamento en propiedade, Funcionario/a de carreira, pertencente ao grupo "A", subgrupo "A2", encadrado na Escala de Administración Xeral, Subescala de Xestión, baixo a denominación "Técnico de xestión-AEDL" mediante procedemento de consolidación de emprego, mediante concurso oposición.
3. Anuncio de Bases de convocatoria publicado no BOP (46 de 09/03/2020), DOG (80 do 27/04/2020) e BOE (159 do 06/06/2020)
4. Resolución da Alcaldía do 07/12/2020 de aprobación da listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos.
5. Resolución da Alcaldía núm. 148/2021 do 28/01/2021, de aprobación da listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, fixación do Tribunal e sinalamento da data para realización do primeiro exame da fase de oposición.
6. Acta Segunda do Tribunal de Selección, de data de 01/03/2021, emitida tras a realización do primeiro exercicio da fase de oposición, da que resulta, en resumo o seguinte:

Aspirante	Preguntas correctas	Preguntas incorrectas (erradas ou en branco)	Puntuación sobre 20 puntos
Fernández Río, Orlando	35 (17,50)	5 (-0,50)	17,00
Seijas Arufe, Julio Francisco	39 (19,50)	1	19,50

7. Resolución da Alcaldía 318/2021 do 01/03/2021 de aprobación das notas correspondentes ao primeiro exercicio da fase de oposición, e outorgamento dun prazo de 3 días hábiles aos efectos de presentar alegacións á corrección do primeiro exercicio.
8. Alegación presentada polo aspirante Orlando Fernández Río, con Rexistro de Entrada núm. 367 do 04/03/2021.
9. Acta Terceira do Tribunal de Selección, de data de 05/03/2021, da que resulta, en resumo o seguinte:

"O aspirante Orlando Fernández Río presenta alegacións o día 04/03/2021, con rexistro de entrada núm. 367, relativas ao feito de que o Tribunal considerou incorrectas tanto as preguntas erroneamente contestadas como as preguntas en branco, solicitando en resumo o seguinte:





“Que non se me diminúa a nota 0,50 puntos, e que, polo tanto, se me cambie de 17,00 a 17,50 puntos (ó ter no meu exame tres preguntas en branco e só dúas erradas), polos motivos anteriormente expostos”

Logo do análise da alegación presentada, así como da Base 17ª reguladora do proceso selectivo, o Tribunal unanimemente considera que:

1. A Base 17ª reguladora do proceso selectivo sinala que a efectos da corrección do primeiro exercicio da fase de oposición, debe terse en conta que por cada 4 respostas incorrectas, será descontada unha resposta correcta.
2. A Base 17ª non define o que debe entenderse por “resposta incorrecta”, sendo posibles dúas interpretacións:
 - a. Que “resposta incorrecta” estea referido unicamente ao suposto de ter contestado expresamente unha pregunta de xeito erróneo (postura que defende o alegante)
 - b. Que “resposta incorrecta” esta referido ao suposto contrario á resposta correcta (o que abranguería tanto as preguntas contestadas de xeito errado como as preguntas contestadas en branco).
3. Sendo admisibles as dúas interpretacións, o Tribunal considera que polo feito de existir esa dualidade interpretativa debe primarse aquela postura máis favorable ao administrado; posto que a *oscuridade* ou a falta de claridade nas Bases Reguladoras non pode prexudicar á parte que non a provocou.
4. Así, aplicando como principio xeral do dereito, o aforismo latino *“in dubiis semper benigniora praeferenda sunt”*; ou o que é o mesmo, na dúbida debe darse preferencia á interpretación máis benigna, debe aceptarse a alegación do aspirante, e só ter en conta as preguntas erróneamente contestadas aos efectos de restar puntuación.

Á vista do anterior, o Tribunal por unanimidade propón ao órgano competente:

Primeiro: Aceptar a alegación presentada por don Orlando Fernández Río, o día 04/03/2021, con rexistro de entrada núm. 367.

Segundo: En consecuencia co anterior, as notas do primeiro exercicio da fase de oposición, quedarían do seguinte xeito:

Aspirante	Preguntas correctas	Preguntas incorrectas (erradas)	Puntuación sobre 20 puntos
Fernández Río, Orlando	35 (17,50)	2	17,50
Seijas Arufe, Julio Francisco	39 (19,50)	1	19,50

Terceiro: Fixar como data do segundo exame da fase de oposición o vindeiro mércores, día 10 de marzo do 2021, ás 10:00 horas da mañá, no Centro de Interpretación do Castro de Baroña, en Porto do Son”

En consecuencia, en aplicación do disposto no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, do réxime de delegación de competencias do Concello de Porto do Son (BOP 133 do 16/07/2019) e as Bases reguladoras da convocatoria

RESOLVO:





Primeiro: Aceptar a alegación presentada por don Orlando Fernández Río, o día 04/03/2021, con rexistro de entrada núm. 367.

Segundo: Aprobar as notas correspondentes ao primeiro exercicio da fase de oposición do proceso selectivo para o nomeamento en propiedade, Funcionario/a de carreira, pertencente ao grupo "A", subgrupo "A2", encadrado na Escala de Administración Xeral, Subescala de Xestión, baixo a denominación "Técnico de xestión-AEDL" mediante procedemento de consolidación de emprego, mediante concurso oposición:

Aspirante	Preguntas correctas	Preguntas incorrectas (erradas)	Puntuación sobre 20 puntos
Fernández Río, Orlando	35 (17,50)	2	17,50
Seijas Arufe, Julio Francisco	39 (19,50)	1	19,50

Terceiro: Fixar como data do segundo exame da fase de oposición o vindeiro mércores, día 10 de marzo do 2021, ás 10:00 horas da mañá, no Centro de Interpretación do Castro de Baroña, en Porto do Son.

Cuarto: Publicar esta resolución, ao abeiro do disposto nas Bases, na web municipal (portal emprego) e no taboleiro de anuncios do Concello.

Porto do Son, na data da sinatura dixital.

O Alcalde-Presidente
José Luis Oujo Pouso

A Secretaria, que da fe.
Lucía Artime Alonso

